

Linkterpreting

Plataforma de recursos para la interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

GUÍA DE (AUTO)AVALIACIÓN

Trátase dun dos tres métodos complementarios para (auto)avaliar as interpretacións de enlace¹. A guía de autoavaliación consiste en cinco bloques de preguntas para comprobar se se cumpriron os obxectivos dunha interpretación de enlace. Para poder realizala, é imprescindible practicar unha interpretación de enlace previamente e gravala nun dispositivo.

Bloque 1: Preparación. As cuestións deste bloque deben responderse despois de facer a interpretación.

- Antes de realizar a interpretación, informeime sobre o contexto da interpretación? Por exemplo, sabía onde se realiza a interpretación? Quen son as persoas que interveñen? Cal é o tema en concreto?
- Se se trata dun contexto especializado, preparei a terminoloxía específica do tema con antelación?
- Este coñecemento previo resultoume útil á hora de interpretar?
- Nunha primeira impresión, fixen unha boa preparación ou sería necesario documentarme máis?

Bloque 2: Presentación ao inicio da interpretación.

- Antes de comezar a interpretación, presenteime aos/ás intervinientes?
- Informeilles de que son un/unha intérprete profesional, confidencial e imparcial? De que todo o que se diga se interpretará de forma exacta, así que se o/a interviniente non quere que algo sexa interpretado é preferible que non o diga? Por último, aviseilles de que debían dirixirse directamente ao seu interlocutor/a?
- Informeilles en ambos idiomas aos que vou a interpretar?

Bloque 3: Durante a escoita das intervencións.

- Escoitei e estiven atento/a en cada intervención?
- Houbo intervencións que me resultaron máis complicadas? Por que? Que fixen ao respecto?
- Houbo intervencións que foron difíciles de comprender debido ao acento da persoa que interviña? Que fixen nese caso?

Bloque 4: Toma de notas.

- En que lingua tomo as notas?
- Cando e por que decido tomar notas?
- Selecciono o que anoto? Ou escribo frases completas?
- Emprego símbolos?
- Separo ben as ideas? Emprego conectores?
- Abrevio as palabras?

Como citar este documento?

Del-Pozo-Triviño, Maribel; Iglesias Pérez, Ana. (2022). *Guía de autoavaliación*. Linkterpreting. <http://linkterpreting.uvigo.es/>

Linkterpreting

Plataforma de recursos para la interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

- Escribo artigos, preposicións, etc.?
- Entendo as miñas notas cando interpreto?
- Emprego as miñas notas como unha axuda? Ou dependo delas en todas as intervencións?

Bloque 5: Durante a escoita da gravación. As preguntas deste bloque deben responderse á vez ou despois de escoitar a gravación.

- En xeral, a interpretación foi clara, fluída e comprensible?
- Houbo interrupcións ou falsos comezos?
- Houbo problemas? Notáronse? Souben resolvelos de forma adecuada?
- Foi necesario pedir que se repetisen frases/datos que non entendín? Fíxelo correctamente?
- Houbo algún problema xurdido pola bidireccionalidade? Por exemplo, interpretei á mesma lingua que utilizara o/a interveniente? Que fixen para solucionalo?
- Houbo erros de contido: falsos sentidos, contrasentidos, etc.? Foron importantes? Que impacto tiveron na comunicación?
- Houbo omisións? Foron importantes? Que impacto tiveron na comunicación?
- Xurdiute algún dilema ético antes, durante ou despois da interpretación?

Engade calquera comentario que estimes oportuno:

ⁱ Baseado en Domínguez-Araújo, Lara. (2021). *Actividades e recursos de (auto)avaliación para fomentar a metacognición na teledocencia da interpretación* [Vídeo]. Vimeo. <https://vimeo.com/646385116>

Como citar este documento?

Del-Pozo-Triviño, Maribel; Iglesias Pérez, Ana. (2022). *Guía de autoavaliación*. Linkterpreting. <http://linkterpreting.uvigo.es/>